



Parlamento das Letras: Iolanda Zúñiga

Publicado o [03/01/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/01/03/parlamento-das-letras-iolanda-zuniga/>

Iolanda Zúñiga é unha escritora cuántica. Imposible determinar en que posición se ha atopar en tal ou cal momento literario a súa escrita cósmica, que igual estoura radiando relatos curtos de luminosa carga enerxética coma orbita arredor de versos de (des)amor, o mesmo se entrega á novela entrópica que torsiona a liña do tempo nun orxiástico divino ferrete.

A vida escrita ou a escrita que se volve vida, tanto ten. Hai en Zúñiga un hálito naiíf de sincera despreocupación polas miserias do circuíto literario que reverts en nunha polarización exclusiva cara á textualidade: a autora e o texto, a creadora e a creatura, máis nada, o resto é vaidade, envexa e coitelada vil que tanto abundan e a ela non alcanzan.

Torrencial e sutil, volcánica e docísima ao tempo, Zúñiga encarna a máis xenuína e vivificante imaxe da escrita de noso no novo milenio: palabra de luz que ha fulgurar entre as tebras.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

No ano 2007, na editorial Xerais, da man de Fran Alonso, daquela editor da colección Abismos, malia que os relatos que pertencen a esa primeira publicación, *Vidas post-it*, datan do ano 2003. Constituían arroutadas mínimas, desartelladas, orfas de destino ou ambición publicatoria, preñadas só por un pulo que me levou a rexistrar os meus traumas e que, logo de estar gardadas nun disquete (si, novas xeracións, houbo un tempo de vídeos Beta, disquetes e outra tecnoloxía hoxe obsoleta), saíron patentadas cunha marca ISBN. Escribir foi a opción máis barata, e alternativa última logo de devorar o frigorífico a media noite, de padecer insomnio por mor dunha mente a centrifugar ou de acudir á consulta do psiquiatra, opcións que implicaban engorde, ansiedade e cartos, respectivamente.

Se boto man dos recordos, sempre farsantes e edulcorados de máis, lembro que comecei a apuntar sentenzas breves e suicidas nos cadernos da EXB. Anos despois ideei algúns contos, sen ápice de vocación, asépticos, plásticos, exentos de movementos de sístole e diástole. Só cando me invadiu a necesidade de comunicarme co meu extrarradio redactei algo xenuíno, nada brillante, pero si cuspidado desde as entrañas. E que apropiado resultou o nome da colección!: Abismos.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

O de pasar desapercibida, ser discreta ou, polo menos, armar o menor barullo posible alá onde as facturas que debo pagar reclaman que acuda é algo inherente tamén aos meus textos. Por outra banda, non sigo en exceso o decorrer do que escribo. O meu talante narcisista só sae á luz os primeiros días nos que un libro repousa no escaparate dalgunha librería, na Rede ou nalgún xornal —ou panfleto local, que a todo ao que se achegan é a reflectir, cun interese morbos, o decorrer do escritor con titulares propios do *Sálvame Deluxe*—. Preño, dilato, dou a luz. Neste proceso tento que a criatura saia o máis achegada posible á miña intención primeira. A partir de aí deixo de controlar o incontrolable. Evito presentacións, cumpro a contragusto coas entrevistas, non acudo a encontros con compañeiros/as de oficio, promociono o libro o imprescindible nas redes sociais. Resístome á idea de que exista alguén a quen lle poida interesar a figura do escritor/a.

Con todo, a idea xeral que me flutúa na cabeza é que *Vidas post-it* foi un conxunto de relatos sobrevalorados. Pola contra, a novela *Periferia*, cunha alquimia que ideei máxica e xamais serei quen de arremedar —convicción que me frustra sen remedio—, véxoa algo adiantada a este tempo, a estas letras e ás nosas destrezas lectoras, ás que subestimo abertamente. O trato desigual vén dado polo constrinximento ao que estamos sometidos. A modernidade só reside nas novas tecnoloxías, cousa que non me estraña, porque a educación segue a ser tan castradora, conservadora e catalogadora coma sempre. As novas xeracións están a involucionar en moitos aspectos e a responsabilidade estriba en pais e nais desadestrados para educar e plans de educación obsoletos, que só desmotivan. Existe un mundo alén dos clásicos da literatura universal. Son o alicerce, pero non son sagrados. Persoalmente, e a risco de caer en herexía, nunca me alimentaron. Ou non máis que o cine, a música ou os videoxogos.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Son maniática “cum laude”. Nas épocas nas que escribo, porque pode transcorrer un mes ou cinco anos ou toda unha reencarnación entre un proxecto e outro, debo ter a caverna de trinta e catro metros cadrados que habito nunha orde estrita. Iso implica: ter o frigorífico cheo —como se fora saltar a alarma por guerra inminente—, ter pasado o aspirador, fregado a louza etc. Logo, co estómago cheo e a conciencia tranquila, reclúome. O hábito da onicofaxia (morder as unllas), máis que singular é sintomático das xornadas nas que redacto. Así que non é preciso preguntarme se estou a esbozar algún texto, abonda con reparar nas miñas mans.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Este tipo de xuízos deixaríallos aos que saben destes baremos. Eu preferiría ir nun listado antolóxico onde figuraran contemporáneos tales como a ama de casa coa que comparto a cola do supermercado, o xubilado que reclama o seu pagamento de primeiros de mes no banco, a rapaza que entrega currículos esperanzados por todo Vigo ou o ionqui da rúa Real, que son os que, definitivamente, engordan a miña imaxinación e o meu presente. En calquera caso, malia que é un atrevemento, sinto afíns as cabezas pensantes e alteradas de Fran Alonso, Kiko Neves, Cid Cabido, Manolo Romón... Unha longa lista maioritariamente masculina. Ben, para fuxir do xuízo ao que me van someter por falta de paridade, arránxoo coa admiración sincera cara ao talento furioso de Begoña Paz, Xina Vega ou Xela Arias.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Que só existe un motivo polo que escribín: foi unha necesidade vital. Máis barata que un psiquiatra, máis terapéutica que o lorazepam, menos traumática que cargar unha escopeta recortada e aniquilar todo aquilo que me fere. Así que a miña serotonina regresa a uns niveis aceptables para encarar a rutina só co desafogo da escrita, do deporte ou do amor. Mais o último é unha *rara avis* neste planeta e para o deporte hai que ter unha forza de vontade diaria que nin sempre acado —véxase Murakami, ao que admiro, non tanto polo que escribe, senón pola súa teima maratoniana.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Só regreso a poemas soltos de autores/as diversos. Non practico lecturas completas nin de obras nin de ninguén a quen noutrora admirara sen límite. Hai pouca vida para moita arte. E a escrita tamén habita no cine e nos seus guións, que me fascinan; nas letras de música, que me salvan; nas SMS de móbil e entradas no *facebook* ou *twitter*, que me entreteñen. Aínda que, pensándoo ben, ultimamente releo moito os ingredientes dos produtos que engulo. Preocúpame este mundo químico e industrializado e a súa repercusión nas nosas saúdes.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalles franqueza, arrebatos, modernidade. Sóbralles tedio, pudor, límites. Coñezo escritores/as que ignoran que o son e autoconfíanse a publicar en *twitter*. Coñezo escritores/as que darían uns burócratas formidables. O noso decorrer histórico e consecuente memoria colectiva son necesarios para orientarnos con lucidez neste tempo que nos tocou vivir, pero non os concibo como unha ferramenta da que abusar nos meus textos. Teñen máis valor as pequenas accións do día a día (como ir falar ao Corte Inglés nun galego con seseo e gheada) ca unha restra de libros cun claro ton doutrinario que só van interesarlle aos intelectualmente aíns a un. Para seducir as novas xeracións debemos espelirnos. Aos que redactamos fáltanos perspicacia. E atractivo.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Nada. Non perdería ese tempo derradeiro en tentar pasar á posteridade. Tampouco ninguén o botaría en falta. Se soubese a data final tentaría dilapidar as horas nalgún lugar onde sentise intensamente, tentaría convencer aquel amor imposible ou enlearíame nalgún negocio ilegal. Como moito, esborrancharía os muros da cidade cuns cantos graffitis obscenos ou, talvez, e pensando na supervivencia dos animais domésticos que me aturaron, elaboraría un listado de cousas que os beneficiaran: vacinas, antiparasitarios, tipo de penso que comen...

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

O seu estado en canto a vocación é óptimo. Pero, insisto, somos pouco arriscados. Queda moito mundo que contar en galego e temos talento para facelo. Deberíamos diversificar máis as temáticas, os estilos, os formatos. Dos fracasos editoriais —entendamos como “fracaso” recuperar o invertido sen obter grandes beneficios— tamén se nutre a literatura dun país, que só sostida sobre alicerces *bestseller* resultaría feble, homoxénea, sen variedade para competir ao carón doutras literaturas sólidas. Aventurémonos a redactar, a publicar, a recomendar, a ler.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Grazas, Armando, porque si quixera apuntar un pensamento que rumio hai anos: non todos os que xuntamos palabras somos intelectuais. Así que, por favor, que ninguén volva interrogarme sobre cuestións alleas a un traballo puntual meu. Nin son catedrática nin son a Galipedia. Nin sequera teño interese por gran parte da información coa que nos soborda este mundo 2.0. Gusto

deste anonimato que me confire o feito de pertencer á clase proletaria. Un texto meu non custa máis que a barra de chapata do panadeiro que se ergue ás cinco da mañá. O único valor engadido que podemos atribuír aos que apostamos pola escrita en galego é saber de antemán que non imos poder vivir dela. Pero como para min é unha necesidade vital, como expliquei antes, escribir tradúcese nunha práctica egoísta na que non penso no mercado, senón no meu desafogo. Polo demais, todas son vantaxes: non madrugo, non me emporco, apenas expoño a miña imaxe e ningún compañeiro de mesa debe sufrirme. Mentres redacto isto estou en pixama, quente e escoitando chover. É o oficio máis terapéutico e comfortable do mundo.